

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE ABRIL DE 2014

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trinta de abril deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 16 de abril de 2014.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión da licenza municipal de instalación e apertura para a actividade de almacenamento de botellas de O2 e produtos sanitarios, na rúa dos Carpinteiros, parcela 6, subparcela C1.

Acórdase desestimar o recurso de reposición presentado contra o Decreto do Tenente de ALcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, número 14001524, do 17 de febreiro de 2014.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para o parcelamento da parcela 68, do polígono 485, para a súa posterior agrupación coas parcelas 93, 94 e 84, na parroquia de Santa María de Bóveda; para demolición da edificación de planta baixa e alta entre medianeiras, na estrada Vella de Santiago, número 131; para a reforma de edificio de vivendas sito na estrada Vella de Santiago, número 44; para substitución de cuberta no edificio, sito na rúa dona urraca, número 82 e para construción de nave apegada á edificación existente para uso de garaxe, dentro do ámbito do núcleo rural 39.3 Nadela-Seoane-Airexe-Pena, parroquia de Pena.

Acórdase a concesión da licenza de primeira utilización para o edificio sito na rúa Pousadela, número 32, con licenzas de obra números 480/92, 1099/11, 866/12 e 130/14.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	08/05/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	Owm6C90uzAjb/zkyHtGbmQ==	PÁGINA 1/3



ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Dáse de conta á Xunta de Goberno Local do informe remitido polo Xefe da Policía Local.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a desestimación do recurso de reposición e incoación expediente de incautación de garantía definitiva por non corraxir defectos no contrato administrativo correspondente ás obras de construción dun edificio dotacional destinado a Policía Local e Protección Civil.

Acórdase a prórroga de contratos de alugamento para uso de vivenda propiedade do Excmo. Concello de Lugo, sita na rúa Leiras Pulpeiro, número 7, e actualización de renda nos contratos de alugamento de tres vivendas que contan con adaptacións técnicas para ser utilizadas por persoas con discapacidade e mobilidade reducida.

Así mesmo, acordase a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares así como da adxudicación por procedemento aberto no procedemento de licitación para o alleamento de vehículos abandonados retirados polo Concello e depositados no depósito municipal de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase a execución da opción de compra do vehículo furgoneta mixta, 4733-gwm, adscrita ao Servizo de Servizos Eléctricos.


Do mesmo xeito, acórdase a prórroga por prazo dun ano contado con efectos retroactivos dende o 20 de xaneiro de 2014 do contrato, correspondente ao servizo de cociña na escola infantil "Gregorio Sanz".

Tamén se acorda a prórroga do contrato contratación dun servizo de información e dinamización dos centros de dinamización sociocultural sitios na zona rural, espazos propiedade do Concello de Lugo e dirixidos ás veciñas e veciños das zonas rurais do Concello de Lugo.

5. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao declararse a caducidade do expediente de licenza de primeira utilización para edificio sito na rúa Lamas de Prado, 261.

Código Seguro de verificación:Owm6C90uzAjb/zkyHtGbmQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	08/05/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	Owm6C90uzAjb/zkyHtGbmQ==	PÁGINA 2/3



Owm6C90uzAjb/zkyHtGbmQ==


Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarias por persoal pertencente ao Servizo de Arqueoloxía.

- A Xunta de Goberno Local quedou informada dos escritos presentados polo Presidente da Xunta de Persoal, dirixidos a cada un dos membros da Xunta de Goberno Local para que acorden determinadas medidas en materia laboral e acórda remitilos ao Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:Owm6C90uzAjb/zkyHtGbmQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	08/05/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	Owm6C90uzAjb/zkyHtGbmQ==	PÁGINA	3/3
 Owm6C90uzAjb/zkyHtGbmQ==				